


Ola, son **Roberto Bao Casal** e o 27 de xaneiro de 2012 estarei na Biblioteca Central Rialeda para falar sobre **“A vida nos mares do pasado: obradoiro de paleontoloxía para nenos/as”**.

Nesta sinxela guía podes consultar algúns libros e DVD que a biblioteca seleccionou para ti relacionados con esta charla científica.



**“El gran libro de los animales, contado por un director de zoológico”, de Henning Wiesner.**

Un director de zoológico pode ser un bo anfitrión para “presentarnos” o mundo animal e os seus costumes. Con estupendas ilustracións e textos moi interesantes, vaiche encantar o capítulo 5: *De los tiempos grises del pasado, una ojeada a la historia evolutiva de los animales.*



**“Fósiles: cómo reconocerlos y determinarlos”, de Gerhard Lichter e “Los fósiles: huellas de la evolución”, de Miguel G. Ramos.**

Dúas guías de campo para coñecer e identificar fósiles. Con moitas ilustracións e fotografías que acompañan a descrición dos diferentes organismos, vas adentrarte no fascinante mundo dos restos dos seres vivos que nos antecederon e das súas pegadas. Iso si, como patrimonio cultural e natural que son, pertencen a todos-as nós e has de achegarte a eles co máximo coidado e respecto aos seus emprazamentos.



**“Mi primer libro de la Prehistoria: cuando el mundo era niño”, de Juan Luis Arsuaga**

Este prestixioso paleontólogo, membro do Equipo de Investigaciones de los Yacimientos Pleistocenos de la Sierra de Atapuerca (Burgos), cóntanos neste libro, moito do noso pasado como especie: hai moitas máis especies fósiles que vivintes, porque cada especie actual, incluída a nosa, ven dunha longa cadea de antepasados. Os animais mariños, por exemplo, aparecen en rochas que se formaron no fondo do mar, e despois emerxeron ao formarse as montañas.

**“Los porqués de la naturaleza: las respuestas del Dr. Quesí y el Dr. Quenó”, de Paul Martín**

Divertidísimo libro de preguntas e respostas: *Por que os volcáns botan lume?*, *Como se forman as cunchas?*, *Como respiran os peixes?*, etc. Temos dúas respostas: a do doutor Quesí, disparatada ou absurda, e a do doutor Quenó, atinada e científica. Pásao moi ben con estes dous especialistas e aprende cousas moi interesantes.



**DVD “Dinosaurios” de National Channel**

Todo sobre as poderosas e fascinantes criaturas que precederon aos seres humanos sobre a Terra, en 4 DVD: “*Tierra de gigantes*”, “*...Y después desaparecieron*”, “*La élite de los depredadores*”, “*El renacer de los dinosaurios*”. Novos achádegos de fósiles dos T-Rex e demais familia, botan luz sobre a vida e desaparición dos primeiros poboadores do noso planeta.



**“Prehistoria, dinosaurios, primeiros poboadores”, de Michel Benton**

Sabías que durante o Mesozoico vivían nos océanos numerosos réptiles de gran tamaño? Algúns deles, crocodilos e tartarugas son ben coñecidos por todos/as nós. Outros desapareceron: é o caso do *ictiosaurio*, parecido aos actuais golfiños.



**“¿Por qué ocurre la extinción?”**

Asteroides que impactaron na Terra, fortes erupcións volcánicas... A chamada “*gran extinción*” rematou co 90 % da vida existente no planeta. Tranquilos/as: estimouse que un asteroide de tamaño considerable choca contra a Terra cada 100.000 anos!!!

